



Expediente núm.: 1487/2022

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia

Obra/servizo subvencionado: Conservación, reposición e restauración do ambiente na contorna da Serra e regato da Corveira e nas beiras do río Loña

Categoría profesional: Peón forestal

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Aprobación da lista definitiva de aspirantes que superaron o proceso de Selección de persoal laboral temporal ao abeiro da subvención "Fondo de compensación medioambiental ano 2022" (Peón forestal)

Visto o expediente tramitado para a Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de cinco (5) peóns forestais para a obra / servizo "Conservación, reposición e restauración do ambiente na contorna da Serra e regato da Corveira e nas beiras do río Loña", a través dun contrato de duración determinada por circunstancias da produción (402) a tempo completo. Subvencionado pola Xunta de Galicia por un importe total de 14.929,78 €, ao abeiro da ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 16 do martes 25 de xaneiro de 2022).

Vista a proposta do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal de cinco (5) peóns forestais para a obra / servizo "Conservación, reposición e restauración do ambiente na contorna da Serra e regato da Corveira e nas beiras do río Loña", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.

Lista de aspirantes por orde de puntuación obtida:

| | APELIDOS E NOME | DNI | CUALIFICACIÓN |
|---|--------------------------|-------|---------------|
| 1 | González Quintela Manuel | I57.8 | 8,5 |
| 2 | Mira Fernández José | 91.1; | 7,5 |





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

| | | | |
|---|------------------------------|------|-----|
| 3 | Noguerol Fernández Víctor | 193. | 7,5 |
| 4 | Rodríguez Gómez José Antonio | 171. | 7,5 |
| 5 | Lameiras Méndez Alain | 197. | 7 |
| 6 | Rodríguez Alonso Odilo | 140. | 6 |
| 7 | Vidal Grande José Emilio | 156. | 4,5 |
| 8 | González Sobrino Manuel | 55. | 3,5 |

Segunda.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Terceira.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Cuarta.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercer calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2022-0620 Data: 03/08/2022



Cod. Verificación: 9C4P65NYF6YNNMSS25JEG6DREP | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2